

A familia Magdalena

Cinco dos sete irmáns Magdalena García sufriron a brutal represión que se desatou en Pontevedra tras o golpe de Estado de xullo de 1936. Juan foi asasinado dous meses despois, o 10 de setembro, e nesas mesmas datas partiron cara ao exilio Severino e Ángel, acompañados polo home da súa irmá Mercedes Magdalena García, Constante Estévez Casalderrey. Ela reuniuse con eles no exilio ao ano seguinte, acompañada polas tres criaturas da parella, de curta idade. Serían recibidos por outro dos seus irmáns, Alfredo, que con só dezaseis anos xa fuxira, no seu caso da fame, para buscar mellor vida na Arxentina. No seu Lérez natal quedaron Josefina, alcumada a Recacha, e Cándido, que foi o único dos Magdalena ao que non perseguiron os fascistas, quizais porque marchou axiña para Compostela.

Josefina, como Mercedes, tiña unha taberna. En Casaldorado a primeira, e no Castelo a segunda, que herdara dos seus pais, xa falecidos no momento do golpe. Segundo explica o profesor Xaime Iglesias, tamén veciño de Lérez e dirixente da agrupación cultural Cedofeita, ambas as dúas sufriron as requisas dos falanxistas, no caso de Josefina máis prolongadas no tempo:

“Josefina tiña a taberna no barrio de Casaldorado e facíanlle requisas. Viña o camión do exército e collíanlle cousas, como tamén lle teñen requisado a Mercedes antes de marchar”. [Xaime Iglesias, directivo de Cedofeita.]



Pero a represión máis cruenta foi a que sufriu Juan Magdalena García. Aínda que tiña un taller de carpintería, como moitas outras familias da contorna a de Juan loitaba contra a fame dos fillos traballando o agro. Por iso non dubidou en implicarse no movemento agrario que tanto pulo acadou coa chegada da II República, converténdose en dirixente da pioneira Sociedade de Agricultores de Lérez, fundada en 1897, e segundo explica o historiador Xosé Álvarez Castro, tamén nun grande orador.

Cando se produce o golpe militar, dinlle que marche pero el non o fai:

“Os meus pais contaban que cando lle dicían de fuxir, o meu avó dicía:

-E por que vou marchar se teño tres fillos e eu non lle fixen nada a ninguén? Non teño porqué marchar...”. [Juan Alvite Magdalena, neto de Juan Magdalena.]

Nun primeiro momento non o deteñen pero o 10 de setembro van buscar e asasínanos. O historiador Xosé Álvarez Castro recolleu testemuños que falan da especial saña que empregaron nese crime. A memoria do pobo gardou que foi arrastrado con cabalos e que tiña resina de pino nas mans, como si intentara suxeitarse ás árbores. Contaban tamén que o seu cadáver tiña cortes nos brazos e nos xenitais mutilados e metidos na boca. Da súa morte non quedou rexistro documental pero os asasinados abandonaron o seu cadáver na Gándara, á vista de moitas persoas. Non houbo levantamento oficial. Segundo conta Juan Alvite Magdalena, fillo da súa filla Mercedes, tampouco na familia se falaba apenas do tema:

“A miña nai o único que che dicía era que tiveras coidado. Daquela todo era segredo, había cousas das que nunca se falaba (...). Cando a miña avoa Dolores morreu, eu tiña catorce anos. Dese tema non se falaba. Sabiamos cousas soltas, que escoitabamos da miña nai e que logo iamos enganando... Ves que non tes avó e, ao ir crescendo, dáste conta de cousas. Pero ela só dicía: Tende coidado”. [Juan Alvite Magdalena, neto de Juan Magdalena.]

Juan Magdalena tivera tres fillos: unha muller, Mercedes (que cando lle mataron o pai tiña catorce anos), e dous varóns: Juan e Cándido (a quen todos chamaban Canducho). A súa muller, Dolores Castro Ruibal, era viúva e achegaba ao matrimonio outras tres criaturas: Manoliño, Rosa e Lola, os dous maiores afectados por unha doenza psíquica. Manoliño xa morrera cando lle mataron o home.

“O día que o foron buscar díxéronlle á avoa que o levaban pero que o traían xa, que ía facer unha declaración. Ela levantouse cedo pola mañá e foino buscar por aí abaixo... Xa o fora buscar de noite e como viu que non lle viña, baixou de novo pola mañá e chegando abaixo díxéronlle: ‘Vaite para a túa casa que o teu home está morto’. Nunca falou de quen o fora buscar pero nós sabiamos quen podía ser”. [Juan Alvite Magdalena, neto de Juan Magdalena.]



Dolores puido recuperar o corpo e foi enterrado en Lérez. Logo de morrer ela, o seu neto trasladou os restos e enterrounos aos dous xuntos.

“Ao quedar viúva, a avoa dedicouse á labranza, á compra e venda de galiñas... a todas esas cousas. Nós esperabámola sempre e dábanos unha chica ou un patacón”. [Juan Alvite Magdalena, neto de Juan Magdalena.]

A familia viviu tamén o exilio de Severino, Ángel e Mercedes e o seu home, que fora presidente e secretario da Sociedade Gandeira do Castelo. Conta Xaime Iglesias que durante a II República facían reunións na taberna de Mercedes, mesmo cando Constante deixou de formar parte da directiva:

“(Constante) era de tendencia de esquerdas aínda que non sei se militaba. Mesmo non tendo cargos facían as reunións alí. Barreiro, o último presidente da entidade, conservou actas de antes do golpe e unha recolle que Estévez non cobraba nada polo do local por parte da gandeira. Unha vez que Mercedes marcha a Buenos Aires, esa taberna pechou. A da irmá, Josefina, permaneceu aberta varias décadas aínda, penso que ata os anos sesenta”. [Xaime Iglesias, directivo de Cedofeita.]

Dolores sempre viviu en San Vicente (Tilve):

“Toda a vida. Naceu aí, tivo irmáns e irmás... a maioría, por certo, de signo contrario; igual por medo, non sei”. [Juan Alvite Magdalena, neto de Juan Magdalena.]

Da vida no exilio dos Magdalena, sobre todo do vivido por Mercedes e Constante, quedou testemuño grazas á súa filla, Mercedes Estévez, que foi entrevistada por Xaime Iglesias e tamén pola historiadora Bárbara Ortuño. Esta última recolle o resultado da entrevista no seu traballo: *El exilio y la emigración española de posguerra en Buenos Aires 1936-1956*.

Mercedes contoulle ao directivo veciñal que os irmáns de Juan e o seu pai, Constante, fuxiron por Portugal o mesmo día que o mataron a el. Os tres deixaban muller e descendencia e Constante tamén irmáns e irmás. En Buenos Aires recibíunos Alfredo, que levaba alá desde os trece anos. Coa súa axuda mercaron un bar e puxéronse a traballar. No 37 reuníronse alá con eles as súas familias.

Co tempo, Constante e Mercedes tiveron o seu propio negocio, un bar restaurante con tenda de alimentación: un “almacén” como se lles chama a ese tipo de negocios en Buenos Aires. Tiñan tres fillos: Carmen, de oito anos, Mercedes de seis e Constante que tiña catro cando chegaron alá.

No comezo da década dos 70, o home de Magdalena puido viaxar a Galiza para ver os seus irmáns. Os pais xa lle morreran:

“O meu pai sufriu moito no exilio, non se resignaba, e por moito tempo tivo a esperanza de poder volver. Mais Franco viviu moito, nós crecemos, fixemos aquí a



vida e non puido ser. Morreu en Buenos Aires o 15 de febreiro de 1977, dun infarto. Tiña seis netos de tres fillos. Lembraba moito a súa terra, nela vivira os mellores anos da súa vida”. [Mercedes Estévez Magdalena a Xaime Iglesias.]

No seu exhaustivo traballo sobre a emigración que publicou baixo o título *El exilio y la emigración española de posguerra en Buenos Aires 1936-1956*, Bárbara Ortuño, en base á entrevista realizada a Mercedes Estévez Magdalena, di que partiron de Lisboa en 1937. Fixérono a bordo do vapor de bandeira alemá *Antonio Delfino*. Mercedes recordaba como a súa nai, moi preocupada polas aparencias que ela e a súa irmá debían ter para desembarcar, mandáralles tecer uns vestidos de seda rosa previndo que en Arxentina sería verán. E tamén relataba a novidade que para a súa nai, que sempre vivira nunha aldea, supuña a visión de mulleres doutros países con costumes distintos, como as alemás, que paseaban pola cuberta do barco fumando, en traxe de baño ou levando ás súas criaturas “atadas cunha especie de corda” para que non se perderan:

“Cando quixo mandar un radiograma foi a primeira (elas viaxaban en terceira clase) e chamáronlle a atención as alemás que estaban en traxe de baño e fumando. Fíxate, ela que vivira nunha aldea sempre, e dicía: que porconas!. E dicía que aos nenos os tiñan como os cans, cunha correa polo barco, e non era mala idea...”. [Mercedes Estévez Magdalena a Bárbara Ortuño.]

O traballo de Ortuño achega de xeito moi valioso a imaxe do que foi o exilio para os republicanos galegos e do resto do Estado, cunha clara perspectiva de xénero que nos permite achegarnos á realidade das mulleres que marcharon por ideoloxía ou arrastradas pola fuxida dos seus compañeiros:

“A miña nai traballaba moito, no negocio, na casa, cos fillos (...). Ela ocupábase de todo, o meu pai tamén pero... pero ela tiña máis traballo. Mamá ocupábase dos fillos, da roupa, de pasar o ferro, de todo! Pero era moi forte, era moi traballadora a miña nai, tiña moita enerxía para traballar, para loitar”. [Mercedes Estévez Magdalena a Bárbara Ortuño.]

Elas sufrían unha dupla represión, por exiliadas e por mulleres, como se desprende das verbas de Mercedes filla:

“A miña nai era case analfabeta pero moi intelixente, cun sentido común... que din que é o máis difícil dos sentidos... Tivo sempre unha fortaleza e serenidade para afrontar a vida, porque, ademais diso, o meu pai era mullereiro, sempre foi mullereiro, ela sabía... pero como que facía a parva”. [Mercedes Estévez Magdalena a Bárbara Ortuño.]

Mercedes Magdalena subiu ao *Antonio Delfino* coa maleta da dor pola perda do seu irmán e a separación de parte da familia e da terra, e houbo que seguir adiante:

“A miña nai era unha muller moi forte (...); era unha fortaleza, de verdade, esa xente que ten unha fortaleza interna, non? (...). Eu non lembro para nada nin vela chorar, nin ver o velorio do meu tío... Vese que a nós nos apartaron; eu non vin



nada... Pero agora que son xa ben grande, imaxino que a miña nai debía estar moi triste porque, de súpeto, asasínanlle o irmán, o home desaparece da casa e ela queda con tres criaturas. Iso vímolos, pero non vin esgazadura”. [Mercedes Estévez para Bárbara Ortuño.]

Ademais do seu fogar na Galiza, Mercedes deixaba atrás un negocio que funcionaba ben e ao que, xunto ao seu home, quixo dar continuidade en Buenos Aires. Primeiro establecéronse no barrio de Palermo, preto da casa do seu irmán Alfredo, e foi nese barrio onde Constante e os seus dous cuñados puxeron o negocio grazas á achega prestada por Alfredo, que na emigración se dedicara á importación. Na parte dianteira da casa estaba a tenda e na traseira a vivenda. Cada familia tiña o seu propio cuarto e compartían cociña e baño.

Cando Constante e Mercedes reuniron cartos dabondo para pagar as súas débedas, decidiron abrir o seu propio negocio e mudáronse ao barrio de Devoto, moito máis económico. Deste xeito, a familia deixou de estar “protexida” polo resto de parentes e empezou de cero nun barrio distinto, fusionándose coa poboación inmigrante:

“Acá, en Devoto, había moita xente de orixe española e de orixe italiana, case diría que máis inmigrantes italianos, pero eran inmigrantes, non exiliados. Había xente de todas as nacionalidades; neste barrio había de todo: xudeus, árabes, polacos.. E como tiñamos negocio, tiñamos contacto con toda a xente... Nós acostumámonos a tratar con todas as nacionalidades, relacionabámonos con todos”. [Mercedes Estévez para Bárbara Ortuño.]

Mercedes explicoulle a Bárbara Ortuño que o seu pai preferiu que a súa condición de exiliados republicanos non se fixera demasiado explícita alegando que ao traballar cara ao público non lles conviña ter “inimigos”, fundamentalmente na poboación italiana que era a maioritaria e contaba cun importante número de fascistas.

A publicación amosa tamén unha realidade que se constata en moitísimas entrevistas a familias represaliadas: o talante progresista dos perseguidos non modifica a concepción machista imperante na España que deixaban atrás. Así o conta Mercedes, que se viu obrigada a abandonar axiña os estudos:

“Nós (ela e a súa irmá Carmen) traballabamos no negocio. A verdade é que nós só fixemos o primario porque os meus pais nos necesitaban (...). O único que foi traballar fóra foi o meu irmán (...). Eu quería seguir estudando pero os meus pais dixéronme que non, que me necesitaban na casa (...). Antes había o criterio de que a muller non necesitaba (estudar) porque total casaba”. [Mercedes Estévez para Bárbara Ortuño.]

Bárbara Ortuño, que realizou moitas outras entrevistas a españolas exiliadas, fai referencia a esas contradicións dos progresistas, con respecto ao papel da muller e mesmo con respecto á relixión: “Na España dos anos 30 foi frecuente a contra-



dición de anticlericais republicanos que enviaban as súas fillas, non os seus fillos, a colexios relixiosos, pola súa preocupación pola moral, ou polo menosprezo a unha educación de maior calidade nas rapazas. Ademais foi común entre algunhas das persoas refuxiadas, moitas delas de relixión católica principalmente dentro das conservadoras republicanas, que tratasen de enviar as fillas a colexios relixiosos, aínda que fosen rexeitadas por razóns políticas”.

A historiadora arxentina subliña ademais as diferenzas de materias que se impartían a homes e mulleres, explicando que moitas veces as mulleres que querían seguir estudando facían en estudos relacionados coas supostas “habilidades de xénero”. Como exemplo, pon o enfado de Mercedes, que con deveso por seguir estudando tivo que conformarse con cursos de corte e confección, tan afastados das súas aspiracións. Explica que Mercedes lle contou, “cun ton de indignación, que ela finalmente se inscribiu nun curso de corte e confección (...), confesando que esta situación non reducira o seu afán por aprender e, de feito, aseguraba que o máis positivo do exilio eran as posibilidades que Buenos Aires lle ofrecía nese senso. Mercedes entendía que “o único que gañamos é que acá tivemos unha instrución pública moito máis aberta; esta cidade sempre foi unha cidade onde houbo moitas expresións culturais, moitas formas de poder crecer se tiñas ganas”.

Nese ámbito recoñece tamén que o durísimo traballo que tiñan que afrontar as persoas emigrantes deixaba pouca marxe para o ocio. Na súa entrevista a Ortuño, Mercedes explica que o ocio dela e da súa irmá Carmen quedou practicamente reducido a algunhas saídas que fixeron co seu tío Alfredo para bailar no centro Pontevedrés ou Ourensán, xa que non se lles permitía saír soas e tanto o seu pai como a súa nai traballaban “de luns a luns”.

Esa atadura laboral dos exiliados de clase máis humilde fixo que non puidesen participar da vida cultural, social e mesmo da actividade política antifranquista que na capital arxentina desenvolveron outros republicanos máis podentes. Así, Mercedes explicou na súa entrevista que o traballo de Mercedes Magdalena e Constante Estévez nunca lle permitiu acudir a conferencias ofrecidas por exiliados “destacados”, e mesmo que o coñecemento destes chegou a posteriori. Como exemplo, explica que sabía que Castelao estaba na capital porteña, pero non era consciente da súa notabilidade. Mercedes distingue, de feito, a posición do seu tío Alfredo coa dos seus pais e dos outros irmás exiliados:

“O meu tío Alfredo xa tiña a súa posición feita. Severino tivo que empezar de cero porque o perdeu todo e nós tamén”.

Sobre a postura política no país de acollida, Mercedes di que creceu escoitando as críticas dos seus pais ao peronismo. Bárbara sostén que foi unha práctica



común entre as persoas exiliadas de España en Arxentina, como avala o testemuño dun deles, recollido pola investigadora Dora Schwarzstein: “A lectura que fixemos os republicanos do peronismo foi moi elemental e moi clara: Para nós era un movemento fascista, era o franquismo á crioula”.

Ortuño explica que a vitoria de Perón en 1946 supuxo un serio revés para as persoas exiliadas que, en termos xerais, se sitúan en contra do novo réxime, fundamentalmente por dous factores, máis alá da conciencia de clase ou a afiliación política do colectivo: a estreita relación do peronismo co réxime franquista e a súa identificación de todos os republicanos como rojos, nun momento de anti-comunismo mundial. Para moitos foi “saír dunha ditadura para meterse noutra” e non entendían como podía ter acadado apoio popular desa clase “obreira” pola que loitaran en España, nalgúns casos mesmo sen pertencer a ela.

Porén, Mercedes Estévez Magdalena, a pesar de non ser peronista e do rexeitamento dos seus pais ao réxime, chegou a entender que a maioría das súas amigas do modesto barrio de Villa Devoto si o fosen:

“Eran todas peronistas, pero hai unha en especial que me contaba que a nai para as festas de Fin de Ano se tiraba na cama a chorar porque non tiña que pór na mesa. Entón, despois veu Perón e empezou a darlles o aguinaldo, vacacións... unha morea de cousas; entón como non ían ser peronistas? Eu non o son pero enténdooas”. [Mercedes Estévez Magdalena a Bárbara Ortuño.]

O certo é que, a diferenza do que pasou no franquismo, a clase obreira (“os descamisados” na terminoloxía peronista) converteuse nun dos principais sustentos do réxime, xunto á Igrexa e ao Exército. Foi unha diferenza fundamental co réxime español que tiña ese apoio no capital. De feito, cando o ministro franquista Martín Artajo foi de visita a Arxentina e Perón convocou unha concentración de “descamisados” na súa honra, un micrófono aberto recolleulle estas declaracións tan clarificadoras: “Pois en España nós levantámonos para impedir que esa xente saia á rúa”.

Pero, a pesar dese apoio obreiro, a vitoria de Perón puxo nunha difícil situación o exilio español, segundo Ortuño, xa non tanto pola súa condición de exiliados como pola súa ideoloxía de esquerdas e a súa pertenza a determinados gremios. O matrimonio de Constante Estévez e Mercedes Magdalena é un exemplo. Estévez criticaba especialmente a normativa de Perón, prexudicial para o seu negocio. Por exemplo, as listaxes de prezos máximos, impostos durante o primeiro mandato e que, segundo Ortuño, deixaban en difícil situación a persoas emigrantes e exiliadas, cunha importante presenza neste sector. Así o explicaba Mercedes na súa entrevista:



“Na casa, papá despotricaba contra Perón. El facía demagogia, botáballe a culpa ao comerciante do barrio, que se vendía cinco centavos máis caro (do prezo establecido nas listaxes)... Dáballe incluso á xente a posibilidade de denunciar o comerciante (...) e podían pecharlle o negocio por tres días e cousas así”. [Mercedes Estévez para Bárbara Ortuño.]

Engadía Mercedes que, durante a posguerra, emigrou a Buenos Aires e viviu cos Estévez Magdalena un dos fillos de Juan Magdalena, Cándido:

“Tivemos primos na nosa casa. O tío do meu fillo Juan estivo máis de dous anos con nós e tiñamos pouco sitio porque o meu irmán estaba enfermo (...). Eles eran emigrantes, xa non viñeron por cuestións políticas (...). Outros dous primos que estiveron na casa (que eses non tiveron problemas políticos) viñeron tamén e tamén ao principio estiveron na casa. Axudámoslles a que alugasen algo e logo foron os tres primos vivir xuntos, mais despois casaron cada un polo seu lado. Os meus pais foron solidarios, si”. [Mercedes Estévez para Bárbara Ortuño.]

Pero, para a súa sorpresa, o feito de medrar na España franquista fixo que, a pesar do asasinato do seu pai, Cándido non rexeitara a ditadura de xeito tan claro como eles, criados no exilio:

“A nai debeu quedar aterrorizada de que lle mataran así o home e entón, claro, seguiu Franco no poder e vese que ela non lle falou aos fillos nin unha palabra, así que este rapaz o pouco que oía era do franquismo, cando veu acá era franquista. Veu como emigrante, si, pero era franquista; era mozo pero viña co tema de Franco. E nós, que toda a historia era ao revés,... a miña irmá enganaba con el e pelexaba, que sei eu... pero eramos mozos e non era unha pelexa mala”. [Mercedes Estévez para Bárbara Ortuño.]

O distanciamento político e tamén o diferente nivel cultural das persoas emigrantes fronte ás exiliadas que xa levaban uns anos en Buenos Aires con outras posibilidades de ilustrarse, agravou a brecha entre uns e outros:

“Ao inmigrante foron ao mellor con certo desprezo, porque pensade que acá en Buenos Aires, cando veu a emigración, a xente que vivía aquí era un pouquiño máis ilustrada, xa estaba asentada; entón víanos como agora miran os bolivianos e peruanos, con desprezo”. [Mercedes Estévez para Bárbara Ortuño.]

Explica Bárbara Ortuño que a moitas persoas exiliadas e emigrantes anteriores a 1936 chamáballes a atención que as chegadas en posguerra, a pesar de chegaren poucos anos despois, amosasen unha imaxe tan atrasada e con nivel cultural tan deficiente, e destacaban a diferenza no xeito de falar, subliñaban as carencias educativas que tras a imposición do franquismo tiñan, sobre todo as mulleres. Semellaba que ao longo do ensino primario “só tiñan aprendido a rezar, a tecer e a bordar”. E as diferenzas separounos:

“Foron moitos anos de silencio, facéndolle crer á xente que Franco fora o salvador de España e a xente vese que o creu (...). Hai xente paisana miña coa que eu non podoo ter relación (...). É que, non sei, teño outra visión”. [Mercedes Estévez para Bárbara Ortuño.]



Así, Mercedes sinala que, aínda que de moza foi a algúns centros rexionais para divertirse, non pertenceu a ningunha asociación. Decía que a xente só se xuntaba “para facer unha comida e bailar, iso é todo”. De feito, algúns periódicos antifranquistas arxentinos criticaban “o folclorismo” que se fora apropiando das institucións da comunidade e os gustos dos novos emigrantes.

Mercedes Estévez decidiu achegarse por vez primeira ás asociacións da colectividade española en Buenos Aires nos anos 80, cando morreu a súa nai. Foi á Federación de Sociedades Galegas, unha das entidades máis activas da loita anti-franquista. Recoñece que este achegamento respondeu á sensación de perda tras a morte da súa proxenitora e a unha cuestión de continuar honrando a súa memoria, así como a do seu pai e a de tantas familias que se viron obrigadas a abandonar a súa terra de orixe e non puideron regresar.